



PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR

A) OBXECTIVOS A DESENVOLVER.

A-1. Para a educación alimentaria:

- Aprender a valorar a importancia de incluír nunha dieta todos os grupos de alimentos, para o crecemento e bo funcionamento do noso organismo.
- Potenciar nos alumnos hábitos de alimentación correctos a fin de conseguir unha alimentación equilibrada.
- Alcanzar o dominio das normas máis elementais de corrección na mesa : uso de cubertos, hixiene na forma de comer, mastigar correctamente...
- Fomentar actitudes positivas e de cooperación na mesa.
- Desenvolver e adquirir hábitos de hixiene persoal fundamentais antes, durante e despois das comidas.

A-2. Para a educación do tempo libre:

- Fomentar a participación en actividades de tempo libre que favorezan a boa convivencia e o goce persoal.



- Aproveitar o tempo libre para facer tarefas ou participar en actividades de grupo.
- Respectar aos demais e en especial aos máis pequenos.

B) ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

B-1. MEMBROS INTEGRANTES.

De conformidade co previsto no *artigo 8 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares en centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación*, aos equipos directivos de cada centro correspóndelles elaborar un protocolo propio de funcionamento, que será aprobado polo Consello Escolar.

- Director/a do Centro:

É o/a máximo/a responsable do funcionamento do Comedor, encargándose de coordinar e dirixir o servizo do comedor. Desempeñará as funcións que lle atribúe o artigo 9 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, en relación co artigo 11.2 da Orde do 12 de marzo de 2013.

O/A director/a do centro pode delegar voluntariamente nun membro do claustro a súa presenza física durante o tempo do xantar e os períodos temporais anterior e posterior a este, se ben manterá a súa responsabilidade inherente á dirección, xestión e coordinación do comedor.



- Encargado/a do comedor:

A persoa encargada do comedor desempeñará as funcións que lle atribúe o artigo 9 do Decrteo132/2013 en relación co artigo 10.2 da orde 21/02/2007 ; as funcións do encargado/a do comedor serán asumidas pola empresa (art. 10.3).

- Comensais:

Todos os alumnos/as poden utilizar o servizo do comedor. En caso de ser a demanda superior á oferta seguirase a orde de preferencia sinalada na instrución da secretaría xeral técnica da consellería de educación, ciencia, universidades e formación profesional sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta para cada curso escolar:

- 1º. Alumnado usuario habitual do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.
- 2º. Alumnado usuario de dereito do servizo de transporte escolar.
- 3º. Agás no caso de alumnado escolarizado voluntariamente en centros fóra de zona, ter un/unha irmán ou irmá que vaia a continuar matriculado no centro para o curso que solicite o servizo e sexa usuario do comedor escolar no momento de formalizar a solicitude.
- 4º. Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.
- 5º. Alumnado membro de familias numerosas, monoparentais, situación acreditada mediante certificación, título ou inscrición no



registro correspondente.

6º. Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolledores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do/a seu/súa fillo/a ao mediodía, acreditado documentalmente.

7º. Outro alumnado do centro. Neste suposto inclúense aos escolarizados voluntariamente fóra da área de influencia que lles corresponde.

8º. Persoal docente e non docente que preste servizos no centro e non colabore nos labores de atención e apoio ao alumnado.

Se persiste o empate seguiranse os criterios aprobados polo consello escolar para o desempate nos distintos apartados:

9º. Situación socioeconómico-familiar desfavorable (segundo a renda).

10º. Menor idade do alumnado.

11º. Maior distancia ao domicilio familiar.

12º. Orde de inscrición na solicitude de praza.

B-2. REGULAMENTO DOS MEMBROS:

1. Correspóndelle á empresa mediante o persoal contratado:

- A vixilancia e coidado dos alumnos e alumnas durante o tempo anterior e posterior ás comidas.
- Controlar a asistencia mediante os listados de rexistro.
- Realizar actividades de tempo libre, xogos dirixidos, actividades de animación, xogos deportivos en pequeno grupo...
- Supervisar e controlar as actividades de hixiene (lavado de mans e



cara previo ás comidas e de dentes e mans despois das comidas).

- Durante as comidas coidarán preferentemente dos/as máis pequenos/as a fin de facilitarlles en todo o posible a comida, exercendo una tarefa educadora.
- Procurar que todo o alumnado coma de todo, fomentando hábitos alimenticios positivos.
- Advertir das dificultades que algún alumnado amosa de forma constante cara a súa alimentación.
- Non aceptar ningunha ofensa ou falta de respecto entre os usuarios de dito servizo.

2. Correspóndelle ás familias:

- Recibir información do Menú Mensual con antelación ao seu inicio.
- Estar informados de calquera incidente en canto á alimentación ou comportamento dos/as seus/súas fillos/as.
- Efectuar o pago da minuta entre o 1 e o 20 do mes seguinte.
- Notificar a ausencia ao comedor antes das 9:45 h. do mesmo día. Preferiblemente avisarase o día antes.
- Informar á Empresa do Comedor, con xustificante médico, sobre a necesidade de menú de réxime para o/a seu/súa fillo/a ou de calquera outra indicación que haxa que ter en consideración.
- A recollida no centro do alumnado farase no horario establecido e por parte dos/as proxenitores/as ou titores/as legais; no caso no que estes non poidan acudir informarán ás monitoras do comedor ou á encargada do mesmo, así como facilitar unha autorización escrita e firmada cos datos persoais da persoa ou persoas que se encarguen da recollida dos/as seus/súas fillos/as.



A falta de puntualidade na recollida do alumnado considerase unha falta leve, no caso de esta ser reiterada conllevará unha sanción que pode chegar á perda da praza no comedor.

3. Correspóndelles aos alumnos e alumnas:

- Entrar de forma ordenada e sen gritar.
- Deixar as mochilas e os abrigos nos sitios indicados.
- Esperar con paciencia e compostura a que se sirva a comida.
- Falar nun ton de voz axeitado.
- Coidar a súa hixiene persoal e acudir ao comedor debidamente aseado.
- Utilizar os aseos de forma correcta, respectando as instalacións.
- Evitar acudir ao aseo durante as comidas, xa que poderá facelo antes, no momento de lavarse as mans, ou despois.
- Manter a mesa limpa e en orde e non deixar caer a comida.
- Seguir as normas establecidas á hora de comer.
- Usar correctamente os utensilios do comedor.
- Utilizar os panos de mesa.
- Mastigar coa boca pechada.
- Non falar coa boca chea.
- Pedir as cousas por favor e dar as grazas.
- Tratar con respecto e obedecer aos/ás encargados/as do servizo de comedor.
- Comer ou probar todos os pratos do menú do día, na medida das súas posibilidades.



- Respetar os horarios e tempos establecidos para cada actividade.
- Respetar as instalacións, o mobiliario e facer un uso adecuado dos mesmos. O alumnado será responsable dos danos que causen.
- Respetar as pertenzas dos demais.
- Participar de forma responsable na recollida de utensilios de mesa, compartíndoos co resto de compañeiros e compañeiras.
- Evitar os xogos violentos, as agresións, insultos, ...
- Asumir o diálogo como medio fundamental para resolver os conflitos.
- Para ausentarse do Centro, durante o tempo de Comedor, deberán traer firmada a autorización de seus pais/nais ou titores/as legais.
- Manifestar un comportamento correcto. Diante da falta de respecto ao anteriormente exposto, os/as coidadores/as advertirán e reclamarán a súa rectificación.
- En caso de comportamento incorrecto do/a alumno/a aplicaráselle o regulamento establecido.

c) HORARIOS.

O período de comedor escolar comprende desde as 14:35 horas ás 16:00 horas. Este tempo queda organizado da seguinte maneira :

- Uns minutos antes da saída un/ha coidador/a recolle ao alumnado de infantil.
- O alumnado de primaria acode ao comedor autonomamente.
- O alumnado aséase antes de sentarse á mesa.
- Despois de sentados, os/as coidadores/as serven a comida e o



alumnado comeza a comer.

- Unha vez rematado o horario da comida organizaranse actividades de tempo libre, xogos dirixidos, actividades de animación, xogos deportivos en pequeno grupo...

D) EQUIPO.

O equipo do comedor estará formado polo/a **director/a do centro**, que actuará de nexo entre a empresa de cátering , o alumnado, as familias, e os/as coidadores/as. O número de coidadores/as varía en función das características dos comensais:

Nº COIDADORES/AS	Nº ALUMNADO INFANTIL	Nº ALUMNADO PRIMARIA
1	Ata 15	Ata 30
2	De 16 a 30	De 31 a 60
3	De 31 a 50	De 61 a 90

Levarase un seguimento individualizado mediante un control sistemático realizado polos/as coidadores/as en canto á actitude, comportamento e respecto entre todo o persoal e todo o relacionado coa comida do alumnado, reflectindo todo aquilo que fose de interese para a mellora do servizo.

E) ORGANIZACIÓN E AGRUPAMENTOS.



As mesas serán ocupadas polo alumnado de distintos niveis (Infantil e de primaria), do xeito que os/as coidadores/as e encargada/o crean máis beneficioso. O alumnado de máis idade poderá responsabilizarse de axudar aos/ás máis pequenos/as, ao mesmo tempo que lles serve para ampliar as súas relacións sociais con persoas distintas ás do seu círculo de amizades.

O alumnado atopará as mesas colocadas co necesario para comezar a comer unha vez que se reparte a comida por parte das/os coidadoras/es. Antes de servir o segundo prato supervísase que todo o alumnado comera o primeiro, nunha cantidade adecuada a súa idade e as súas características persoais.

Despois de tomar a sobremesa, o alumnado de maior idade participará na recollida das mesas.

Durante a comida téñense que manter unas normas de comportamento como son : non falar demasiado forte, non lanzar ningún tipo de alimento, non golpear cos cubertos sobre as mesas, respectar o mobiliario e utensilios, dirixirse aos demais con educación, etc.

Unha vez que todo o alumnado rematou de comer van saíndo cos/as coidadores/as ao patio, onde cada unha delas ten asignado un grupo para realizar actividades e vixiar.

F) INSTALACIÓNS E RECURSOS DISPOÑIBLES.



As instalacións do centro que poden utilizarse no horario de comedor son as seguintes: patios exteriores do colexio e biblioteca. É imprescindible que as instalacións, o mobiliario e o material queden, ao rematar, nas mesmas condicións nas que se atoparon ao inicio da actividade (limpos e recollidos).

Será a empresa de cátering a que proverá ás coidadoras do material para realizar as actividades neste tempo.

G) FALTAS E SANCIÓN.

G-1. FALTAS LEVES.

a) Considérense faltas leves:

1. A falta de puntualidade na recollida do alumnado. No caso de esta ser reiterada conlevará unha sanción que pode chegar á perda da praza no comedor.
2. Desobedecer levemente as indicacións dos/as monitores/as ou mestre/a encargado/a de comedor.
3. Entrar ou saír do comedor desordenadamente.
4. Entrar no comedor con obxectos non permitidos (xoguetes, libros...)
5. Cambiarse de sitio sen permiso.
6. Levantarse da mesa sen causa xustificada.
6. Non lavar as mans ou dentes.
7. Permanecer mal sentados ou bambearse na cadeira.
8. Facer ruído, gritar ou falar excesivamente alto.



9. Non comer con corrección ou non facer uso adecuado dos utensilios (cubertos, panos de mesa...)
10. Calquera outras conduta que afecte levemente ao respecto, a integridade ou a saúde das persoas.

b) Sancións:

1. Amoestación verbal ao alumnado. En caso de reiteración, comunicación por escrito ás familias (apercibimento ou falta leve).
2. Separación temporal do grupo de referencia e integración noutro.
3. Perda do dereito a participar nos xogos e actividades de ocio posteriores ao momento da comida.
4. Realización de tarefas relacionadas coa reparación dos danos producidos pola falta cometida.

Estas sancións poderán ser impostas polo persoal de comedor (monitores/as ou encargado/a) ou polo equipo directivo.

G-2. FALTAS GRAVES.

a) Considéranse faltas graves:

1. Acumulación de tres faltas leves.
2. Desobedecer gravemente as indicacións dos/as monitores/as ou mestre/a encargado/a de comedor.
3. Saír do comedor sen permiso dos/as monitores/as ou mestre/a encargado/a.
4. Deteriorar, a propósito ou polo mal uso, material do propio comedor ou do centro.



5. Tirar intencionadamente comida ao chan ou aos compañeiros/as.
6. Calquera outra conduta que afecte gravemente ao respecto, a integridade ou a saúde das persoas (compañeiros/as, monitores/as, mestres/as...)

b) Sancións:

Calquera das contempladas polas faltas leves. Ademais:

1. Amoestación por escrito ao alumno. Comunicación á familia (falta leve ou grave)
2. Separación permanente do grupo de referencia ou da súa mesa de comedor.
3. Comer separado dos compañeiros (ata 5 días).
4. Expulsión temporal do comedor (ata 5 días).

Estas sancións serán impostas polo equipo directivo do centro .

G-3. FALTAS MOI GRAVES.

a) Considéranse faltas moi graves:

1. Acumulación de tres faltas graves.
2. Saír do centro sen permiso durante o horario de comedor.
3. Calquera outra conduta que afecte moi gravemente ao aspecto, á integridade ou á saúde das persoas.

b) Sancións:

Calquera das contempladas para as faltas graves. Ademais:

1. Amoestación por escrito ao alumno. Comunicación á familia (falta grave)
2. Expulsión temporal do comedor (de 5 días a 1 mes).



3. Expulsión definitiva do comedor.

Estas sancións serán impostas polo equipo directivo do centro .

H) AVALIACIÓN.

Farase unha avaliación completa deste plan, reflectindo na memoria final aqueles aspectos que se puidesen mellorar de cara a anos vindeiros.